



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022

CENTRO: CEIP DA LAXE

NIVEL: EDUCACIÓN INFANTIL

**MATERIA: GLOBALIZADO (CSMAP, CC, LCR, LE-I, RE,
RC)**

GRUPO DE TRABAJO: EDUCACIÓN INFANTIL



CEIP DA LAXE
República Arxentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN	3
3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	4
4. OBXECTIVOS.....	5
5. CONTIDOS.....	7
6. METODOLOXÍA.....	9
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	12
8. EDUCACIÓN EN VALORES	13
9. PLANS E PROXECTOS	16
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	18
11. AVALIACIÓN.....	19

1. INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica está elaborada para o 2º ciclo de educación infantil, o cal abarca 4º, 5º e 6º de educación infantil, 3, 4 e 5 anos respectivamente.

A través da programación pretendemos conseguir o desenvolvemento integral do alumnado, sentando as bases para o desenvolvemento persoal e social, e integrando as aprendizaxes fundamentais.

Consideramos que dita programación didáctica, como elemento práctico e flexible que é, está suxeita a todas as modificacións que sexan necesarias a partir da súa posta en práctica e dos resultados obtidos no proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, precisa unha revisión periódica que garanta a súa mellora e a adaptación constante a unha realidade educativa cambiante.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Atopámonos nun Centro de Educación Infantil e Primaria dunha única liña e xornada continua, cun total de 8 unidades, 2 de educación infantil e 6 de educación primaria, enmarcado nun **contexto rural-urbano de costa**.

O CEIP da Laxe está sito na localidade de Marín. Situado na zona do Morrazo dentro da provincia de Pontevedra, recostada sobre a ría de Pontevedra.

Contamos con servizo de comedor escolar e plan madruga para as familias que o precisen, pendente de iniciarse.

En canto ás instalacións e dependencias, o centro dispón dun único edificio con aulas de educación infantil, educación primaria, departamento de orientación, despachos dos órganos unipersoais, sala de mestres, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, biblioteca de centro, aula de música, aulas de inglés, aula de relixión católica, aula de relixión evanxélica, aula de psicomotricidade, aula multisensorial, aula de informática, varios aseos, salón de actos e aula de plástica. O recinto escolar conta con patios de recreo exteriores, un patio con parque infantil, zonas exteriores, dúas zonas cubertas, pista de baloncesto... ademais dun pavillón con vestiarios para

realizar as clases de educación física. Actualmente non poden coincidir dous grupos no mesmo espazo.

Preto do centro está a biblioteca pública, a alameda, a praza, diferentes parques infantís e dous instituto de educación secundaria obrigatoria, un deles ao que estamos adscritos.

O CEIP da Laxe conta cun total de 107 alumnos/as matriculados no curso académico 2021/2022, o tempo de duración das diferentes sesións é de 50 minutos, dedicándolle 20 minutos diarios á lectura, e 30 minutos ao tempo de lecer.

En canto ao **profesorado**, o centro conta con persoal docente e non docente. O persoal docente está formado por dúas mestra de educación infantil(unha delas tamén directora do centro), cinco mestres de educación primaria (unha delas secretaria do centro), un especialista de pedagogía terapéutica, un especialista en audición e linguaxe(compartida con douscentros máis), unha especialistas de inglés, unha especialista en lingua francesa, unha especialista en educación física, unha especialista en música, unha mestra de relixión evanxélica compartida con tres centros máis e unha mestra de relixión católica compartida cun centro e o orientador. Trátase dun dentro bilingüe na área artística (materia de plástica) impartida por dúas mestras especialistas en inglés e contamos tamén coa auxiliar de conversa durante o curso académico.

Actualmente atopámonos con 23 alumnos de educación infantil en dúas aulas: 5 alumnos/as de 3 anos, 10 alumnos de 4 anos e 8 alumnos/as de 5 anos.

O persoal non docente está formado pola conserxe, a coidadora e a auxiliar de conversa.

3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A LOE establece **oito competencias básicas, estando directamente relacionadas coas competencias clave recollidas na LOMCE, as cales nos permiten resolver problemas da vida real, contribuiremos ao seu desenvolvemento:**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022	PÁXINA 4 DE 25	CENTRO: CEIP DA LAXE CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL MATERIA: GLOBALIZADO (EI)
-------------------------------------------	----------------	--------------------------------------------------------------------------------

- **Competencia en comunicación lingüística:** Fomentando a escoita das mensaxes e a expresión de ideas, emocións, inquietudes... Describir obxectos, situacións, imaxes para que o neno acade unha boa fluidez verbal, cunha ampla expresión e comprensión da linguaxe a través de contos, adiviñas, poesías, diálogos colectivos sobre temas significativos.
- **Competencia matemática:** experimentar cos obxectos en situación reais, agrupando, asociando, clasificando, tendo en conta diversos atributos...
- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:** a través da observación e vivencia no contorno e das costumes e tradicións propias da zona.
- **Competencia dixital:** a través do contacto directo coas novas tecnoloxía para ter unha boa destreza co manexo do ordenador.
- **Competencia social e cidadá:** fomentar no aula e fora do aula unha boa integración social entre o alumnado do centro, asumir e respectar as normas do centro e as rutinas dentro do aula para favorecer nos nosos alumnos unha boa integración social. Os nenos compartiran experiencias de xogo no primeiro recreo e nas celebracións conxuntas das distintas festividades o longo do ano.
- **Competencia cultural e artística:** experimentaremos con distintas e diversas técnicas expresivas e plásticas que leven aos nenos a fomentar a creatividade nas súas propias producións. Realizaremos composicións cos distintos materiais, a través de dramatizacións de contos, representacións plásticas do seu contorno...
- **Competencia para aprender a aprender:** confiaremos nas posibilidades dos nenos, fomentando a seguridade, valorando o seu traballo, fomentando o esforzo e a constancia nas tarefas, animándolles a manter a atención cara a aprendizaxe e a utilizar os aprendizaxes adquiridos para asimilar outros novos.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** fomentaremos a autonomía a través da confianza que temos nas posibilidades do noso alumnado, adaptando as distintas tarefas ás características individuais de cada un, tendo unha imaxe axustada de súas posibilidades e limitacións, animándolles sempre cunha actitude positiva cara as aprendizaxes.

4. OBXECTIVOS

Área 1: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Formar unha auto imaxe axustada e positiva, acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, as súas partes e funcións.
- Realizar tarefas sinxelas e resolver problemas da vida cotiá.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes de hixiene, saúde e orde.
- Amosar actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- Descubrir o xogo como medio de desenvolvemento.

Área 2: Coñecemento do contorno

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios que se producen no contorno desenvolvendo actitudes de respecto e coidado.
- Relacionarse coas persoas de forma satisfactoria adquirindo comportamentos sociais e coñecendo distintas producións culturais e formas de vida.
- Apreciar e participar en tradicións da cultura galega: festas, gastronomía, arte...
- Iniciarse nas habilidades matemáticas: identificación de atributos, relacións, clasificación, orde e cuantificación.
- Resolver problemas empregando o coñecemento matemático, comparando, medindo, pesando, ordenando, cuantificando...

Área 3: Linguaxes: comunicación e representación

- Empregar diferentes linguaxes, signos e símbolos como medio de comunicación.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais en diferentes contextos.
- Iniciarse no uso oral da lingua inglesa.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos textos, comprendelos, reproducilos e escribir algunhas palabras.
- Usar e valorar a biblioteca como fonte de información e pracer.
- Fomentar a creatividade a través de diferentes linguaxes artísticas: inventar, imaxinar, crear...
- Achegarse ó coñecemento de obras de arte en distintas linguaxes artísticas (musical, plástica e corporal) e empregar estas linguaxes como medio de comunicación.
- Valorar as creacións artísticas propias e dos demais.
- Achegarse ó coñecemento, utilización e valoración das novas tecnoloxías (ordenador, internet, EDI, cámara dixital...) como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

5. CONTIDOS

Area 1: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Identificación das partes do corpo e interiorización da imaxe corporal.
- Recoñecemento das características individuais e diferenciais das persoas.
- Adecuación de movementos e ordes, coordinación xeral e viso manual.
- Interiorización de nocións espazo - temporais básicas.
- Emprego de habilidades sociais para progresar nas relacións cos demais.
- Asunción de responsabilidades e participación en tarefas sinxelas.
- Establecemento de relacións coas persoas do seu contorno valorándoas positivamente.
- Adquisición de hábitos básicos de hixiene e saúde persoal e valoración da súa importancia na

vida.

- Actitude de aceptación e respecto da identidade e a diversidade.

Área 2: Coñecemento do contorno

- Exploración e observación do contorno a través dos sentidos.
- Exploración de obxectos, medición e clasificación en función dos seus atributos.
- Emprego de nocións matemáticas, serie numérica, cuantificadores básicos e de tamaño.
- Discriminación de cores e formas xeométricas.
- Establecemento de relacións sociais con persoas próximas.
- Observación, rexistro e análise dos cambios climáticos e as estacións.
- Observación de ciclos vitais e recoñecemento de elementos naturais.
- Recoñecemento de lugares de ocio e participación en festas e tradicións culturais: Magosto, Samaín, Entroido... mostrando interese.
- Recoñecemento dos distintos oficios e tarefas, sen discriminación.
- Mantemento de contornos limpos e ordenados.
- Interiorización de hábitos positivos en relación á sociedade de consumo.
- Interiorización e emprego das normas básicas de seguridade vial.
- Interese polos aspectos matemáticos do contorno.

Área 3: Linguaxes: comunicación e representación

- Expresión de sentimentos e emocións empregando distintas linguaxes e formas de comunicación: verbal, corporal, plástica, musical...
- Emprego da linguaxe oral e escrita como medio de expresión e comunicación.
- Ampliación do vocabulario.
- Participación en conversas e verbalización de vivencias ordenadas no tempo.

- Identificación e representación escrita de letras, palabras, símbolos e signos como medio de comunicación.
- Iniciación o coñecemento oral da lingua inglesa.
- Emprego da mímica para interpretar e representar distintas situacións.
- Emprego de distintos materiais e técnicas plásticas para realizar producións, valorando as propias e dos demais.
- Coñecemento de diversos artistas e as súas obras de arte.
- A música como medio de expresión: ritmo, sons, instrumentos.
- Identificación de instrumentos musicais.
- Produción de sons e ritmos co propio corpo e con instrumentos musicais.
- Realización de coreografías e danzas sinxelas.
- Gusto polo xogo comunicativo e traballo en grupo.
- Interese por participar en actividades grupais.
- Valoración da linguaxe oral e outras formas de expresión como medios para expresar os seus desexos e sentimentos.
- Emprego das novas tecnoloxías na construción das súas aprendizaxes: ordenador, encerado dixital... e valoración na sociedade actual.

6. METODOLOXÍA

O sentido educativo da educación infantil fai necesario facer explícitos os principios metodolóxicos que enmarca a nosa acción pedagóxica. Para isto, e tendo en conta o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, preséntanse agrupados en seis epígrafes:

A) Ambiente de aprendizaxe

É fundamental para a consecución das intencións educativas anteriormente establecidas a organización dun ambiente de aprendizaxe que inclúa espazos, recursos e distribución do tempo.

En canto aos **espazos** realizaranse actividades tanto en lugares propios (aula), como en lugares de uso común: aula de música, pavillón, aula de psicomotricidade, aula de novas tecnoloxías, patio, salón de actos, biblioteca, aula multisensorial,... o que permite aos pequenos sentirse cómodos, seguros e acollidos nun espazo que van facendo seu e cargando de significatividade, así como en espazos que lles permitan relacionarse cos demais(cumprindo sempre o Plan de adaptación á situación Covid para o presente curso).

En canto á organización das aulas, estas están divididas en espazos diferenciados, dos que podemos sinalar o espazo das mesas e a zona dos recantos.

Os **materiais didácticos** son elaborados polo equipo docente, adaptados ao tipo de contidos, ás características específicas do noso contexto, así como ás características do alumnado.

Temos que falar aquí de:

- Materiais elaborados polos mestres/as en base ás necesidades que van xurdindo ao longo do curso.
- Os materiais elaborados cos nenos/as tomando como base o material de refugallo.
- Os materiais de busca de información como libros de texto, fotos, contos...
- Materiais audiovisuais e recursos en rede empregados tanto na aula como na aula de novas tecnoloxías.
- Material funxible propio de uso individual.
- Os materiais empregados nos recunchos relacionados cos xogos lóxicos, xogo simbólico, construcións, dominós, xogos lingüísticos, entre outros.

Con respecto á **organización temporal**, teranse en conta o principio de flexibilidade, así como a integración dos tempos da aula nos tempos do centro. A organización das rutinas diarias será: unha sesión diaria de psicomotricidade, vintecinco minutos de tempo de lecer, vintecinco minutos adicados ao Plan Lector, dúas medias sesións semanais de inglés, dúas medias sesións semanais de audición e linguaxe, unha sesión semanal de música e dúas sesións semanais de exercicios multisensoriais, o

resto das sesións adicaranse a actividades varias cumprindo sempre o Plan de adaptación á situación Covid para o presente curso.

B) Perspectiva didáctica

Ao falar da perspectiva didáctica estémonos a referir a unha estratexia metodolóxica integradora que parte de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relación entre os contidos e no enfoque globalizado, que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas.

Esta perspectiva didáctica caracterízase polos seguintes aspectos:

- Partimos dos principios de globalización, aprendizaxe significativa, consistencia evolutiva, actividade e actividade lúdica que se vai aprender.
- Debe interesarlle aos nenos/as e debe partir das súas necesidades, dotando así as aprendizaxes de significatividade e funcionalidade.
- O traballo da aula debe converterse nunha acción colectiva planificada e organizada conxuntamente polo grupo, inducendo a que todos os rapaces e rapazas poidan implicarse activamente nas tarefas, recoñecendo a importancia do grupo e a propia valía.
- Estimularase unha práctica reflexiva, que permita o desenvolvemento dun pensamento crítico, así como o desenvolvemento de todas as intelixencias.
- O xogo cumpre un papel vital nesta metodoloxía, estruturando a actividade diaria da aula, facendo realidade o poder aprender xogando.
- Así mesmo a afectividade e o tratamento das emocións deben estar presentes na aula.

C) Papel do profesorado

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022	PÁXINA 11 DE 25	CENTRO: CEIP DA LAXE CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL MATERIA: GLOBALIZADO (EI)
-------------------------------------------	-----------------	--------------------------------------------------------------------------------

O noso papel no proceso de ensino aprendizaxe é o de mediadores/as no mesmo, ofrecendo recursos e actividades que permitan aos nenos/as desenvolver todas as súas habilidades.

Neste sentido involucrarémonos activamente nos proxectos, conversas, investigación... ofrecendo diferentes posibilidades de actuación ante a resolución dos problemas.

Faise así mesmo necesaria a valoración positiva nas interaccións, entendo os erros como unha oportunidade de aprendizaxe, convertendo así os mesmos nun recurso máis do que aprender. A estimulación da creatividade, contrarrestando estereotipos e convencionalismos constitúe un aspecto fundamental dentro da nosa actuación.

Do mesmo xeito recae dentro da nosa responsabilidade potenciar a coordinación co resto do equipo docente, así como o contacto e relación coas familias.

D) Papel do alumnado

Unha metodoloxía baseada no traballo por proxectos, na investigación e na actividade, require por parte do alumnado a capacidade e o interese por descubrir, así como a adquisición de responsabilidades de progresiva complexidade, o que lle leve á consecución dunha autonomía persoal cada vez maior.

Así mesmo a realización das súas propias propostas, permítelle a toma de decisións así como a reflexión sobre os seus propios progresos e a auto avaliación.

E) Agrupamentos

O establecemento de diferentes tipos de agrupamentos responde á necesidade de atender á diversidade do alumnado.

Podemos falar de tres tipos de agrupamento:

- En gran grupo, planificados para actividades conxuntas ben do ciclo ou da aula, pero respectando sempre o grupo estable de convivencia.

- En pequeno grupo, que permite a interacción cooperativa e a realización de tarefas concretas e estruturadas. Este pequeno grupo xoga un papel importante nos recunchos e nas actividades de investigación.
- E individualmente, dentro dos pequenos grupos, que permite unha actividade máis específica do docente.

F) Apertura ao contorno

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo das nenas e dos nenos: o equipo docente, as familias e o contorno.

En canto a **relación coas familias** basearémonos nos seguintes contactos:

- As reunión grupais, sempre que se poidan levar a cabo e respectando as medidas establecidas no momento.
- As titorías individuais, de forma telemática ou telefónica, preferiblemente.
- E os contactos informais que xurdan.

Centrándonos agora na **apertura ao contorno**, esta baséase en dous aspectos clave:

- Aproveitamento do potencial educativo das saídas e visitas planificadas, respectando o grupo estable de convivencia e non interaccionando con ningún outro grupo.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender á diversidade non é atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), senón atender á totalidade do alumnado de forma individualizada. Para o cal é necesario respectar ritmos de traballo, intereses individuais, respectar as diferentes características ... Isto está presente en cada actividade que se leva a cabo, xa que sempre planificamos as tarefas pensando en

todos, graduando a complexidade das proposta, sendo flexible nos agrupamentos e na organización espazo-temporal, mantendo un clima agradable, empregando diversos recursos ...

No apartado de metodoloxía xa comentamos a importancia dos diferentes principios metodolóxicos a ter en conta.

Así mesmo, contamos co mestre especialista en audición e linguaxe para a estimulación da linguaxe con dúas medias sesións semanais e algunha sesión individual para o alumnado que o precise, coa correspondente autorización das familias.

8. EDUCACIÓN EN VALORES

O tratamento da educación en valores impregnará a actividade educativa na súa totalidade e inspirarán toda a nosa actuación docente. Estarán integrados no programa educativo e máis concretamente nas actividades-eixe que aparecen no noso proxecto.

Un dos principios da educación é a transmisión e a posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Por esta razón e porque consideramos que debemos mellorar moito en canto a valores se refire, os aspectos morais serán traballados dende infantil da seguinte forma:

➤ **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:**

A igualdade de oportunidades desenvolverase nos diferentes aspectos da nosa actuación, obxectivos, contidos e actividades propostas, actuación directa na aula ou relación coas familias.

O noso traballo diario verase reflectido en:

- Que os nenos realicen tarefas e responsabilidades independentemente do seu sexo.
- Non utilizar un vocabulario sexista.
- Agrupar aos nenos en grupos mixtos.



- Evitar materiais que difundan o sexismo.

➤ **Educación para a saúde e a calidade de vida:**

Dende ven pequenos e imprescindible que teñan una boa alimentación, san e equilibrada, por iso dende a aula traballaremos a saúde:

- Aproveitando o momento da merenda para sensibilizar sobre unha alimentación san.
- Animando a que os nenos fagan deporte.
- Coidando que o contorno aula e o centro sexa seguro, este limpo, en definitiva san.

➤ **Educación moral e cívica e educación para a paz:**

Moitas das accións conectarán ou virán derivadas das propostas polo observatorio para a convivencia do centro.

Pero particularmente dende as nosas aulas destacaremos a importancia de que o alumnado teña un concepto de si mesmos adecuado e un respecto cara os demais, potenciando a:

- Participar na conmemoración do día da paz.
- Ensinar modelos verbais de resolución de conflitos.
- Habilitar o recuncho da reconciliación, de novos amigos...
- Elaborar ao longo do curso o libro de normas.

➤ **Educación intercultural:**

O traballo deste tema está relacionado coa presenza de alumnado inmigrante nas nosas aulas. A nosa labor será parecida á que expuxemos no punto da educación para a igualdade de oportunidades. O obxectivo é a total integración do alumnado na aula, polo que favoreceremos esta integración en calquera momento da actividade diaria.

Facilitaremos a integración do alumnado nos nosos costumes culturais, así como interesáronos por coñecer e respectar os costumes propios da súa cultura.

Para elo:

- Evitaremos que os materiais emitan estereotipos racistas.

- Visualizaremos fotos de persoas de distintas razas realizando todo tipo de tarefas.
- Integramos os costumes de distintas culturas no aula: música, xogos, contos, danzas, festas ...

➤ **Educación do consumidor:**

A nosa labor será a de ser mediadores obxectivos que faciliten propostas de actividades para que o alumnado adopte una actitude crítica cara o consumo.

Favoreceremos actividades como:

- Fixar normas claras do uso correcto dos materiais para evitar que se malgasten.
- Traballar con materiais de refugallo.
- Potenciar na clase un espazo para o intercambio: xoguetes, cromos, libros ...
- Traballar o reciclaxe na aula de maneira práctica.

➤ **Educación ambiental:**

O noso proxecto vai dirixido cara o establecemento dunha estreita relación de valoración e respecto cara o contorno inmediato.

A nosa acción consistirá nunha sensibilización cara o medio, facilitando o coñecemento do seu contorno, e plantexando situacións que desenvolvan a capacidade de intervir positivamente no seu medio e de atopar solucións aos problemas do seu contorno natural.

Ao longo do curso:

- Estableceremos un mecanismo de coidado e atención de plantas e animais.
- Utilizaremos material de reciclaxe.
- Realizaremos saídas ao contorno próximo, se as medidas sanitarias establecidas nese momento nolo permiten.
- Traballaremos o horto do patio do colexio.
- Sensibilizáremos no aforro de auga, luz e papel o longo da xornada escolar.

➤ **Educación viaria.**

Traballaremos a educación viaria o longo de todo o curso, tanto nas saídas programadas con nenos e nenas como no propio centro dende a aula:

- Potenciando a presenza dos sinais de tráfico no contorno escolar.
- Sensibilizar ao alumnado nas saídas da súa obriga a respectar as normas de educación viaria.
- Pedir a colaboración da policía local para facer un “*minicircuito*” no centro e crear actividades.
- Participar en programas do concello de educación viaria.

➤ **Educación para o lecer.**

Trataremos de desenvolver a capacidade de gozar do lecer dende un descubrimento de xogos, materiais e opcións diversas.

Aproveitaremos tempos como o segmento de lecer para inicialos en xogos e actividades de lecer alternativas ás habituais.

Tamén intentaremos:

- Sensibilizar aos pais para que compartan tempo de lecer cos fillos.
- Realizar xogos tradicionais nos segmentos de lecer.
- Explorar o contorno mediante paseos pola vila, se as medidas sanitarias establecidas nese momento nolo permiten.

9. PLANS E PROXECTOS

A) Accións de contribución ao Proxecto Lector.

Todo o colexio adica vinte minutos diarios á lectura tal e como está reflectido no Plan Lector do Centro, xa que pensamos que a lectura é unha práctica que debe asentarse en todo proxecto educativo dende a educación infantil.

Dende infantil nese tempo específico dedicado á práctica da lectura durante 20 minutos diarios que se realiza despois do recreo, fomentaremos o gusto pola literatura infantil, tanto con relatos de contos por partes dos mestres e mestras como deixando os nenos/as manipular libremente diversos textos de soportes e formatos diferentes, nun clima de respecto e coidado dos libros, procurando fomentar o goce e desfrute da literatura infantil, potenciando o intercambio de experiencias, materiais e outros recursos para inculcar o hábito lector, a expresión e a comprensión das nosas linguas, cumprindo sempre co Plan de adaptación á situación Covid para o presente curso.

Por outra parte pretendemos dar a coñecer a biblioteca escolar do centro para que os nenos e nenas comecen a coñecer ese espazo e saber que poden atopar libros de diferentes fontes informativas (libros de contos clásicos, fantasía, investigación...)

Por iso, ademais de traballar no recanto da biblioteca dende a aula todos os días, un día a semana cada aula disporá da súa hora para acceder a biblioteca de centro e levar a cabo outra importante tarefa didáctica: o préstamo de libros para a casa.

O emprego desta tarefa baséase nos principios de “compensación das desigualdades” dando oportunidade os nenos/as de acceder a diferentes tipos de libros independentemente do poder adquisitivo da súa familia, por outra banda potenciaremos as relación afectivas neno-familia e sobre todo o descubrimento da lectura como fonte de lecer.

B) Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC impoñense na sociedade en tódolos campos e en tódalas súas manifestacións. A escola debe responder a esta realidade social, achegarse a estas tecnoloxías e fornecer de competencias e coñecementos básicos ós alumnados/as.

No centro contamos con espazo e material axeitado na sala de informática, e tamén cunha pantalla dixital interactiva (PDI), que é de vital importancia na vida diaria dos nenos/as poder interactuar directamente sobre a superficie de proxección, permitíndolles escribir directamente sobre ela e controlar os programas informáticos cun punteiro e incluso cos propios dedos. Este pantalla permítenos aumentar a atención do alumnado así como a participación xa que lles gusta saír a presentar, manipular... ademais de ser unha fonte de recursos para o profesorado.

Dende infantil pretendemos que o neno/a tome contacto lúdico cos ordenadores, teña dominio do rato e coñecemento do teclado alfabético, ser quen de xogar co ordenador e de manexarse coa PDI tanto a través de xogos como co material complementario para traballar os proxectos de aula e acadar os obxectivos propostos para cada curso académico.

C) Accións de contribución ao Plan de Convivencia.

Daremos a coñecer o Plan de Convivencia traballando habilidades sociais como o saúdo, iniciar e manter conversas, escoita activa, aprender a afrontar situación sociais, cooperar e compartir.

Na aula traballaremos valores como a colaboración cos compañeiros/as, compartir os xogos, evitar as descualificacións xerais cara os traballos dos outros, destacar e premiar as condutas tolerantes e cooperativas, aproveitar os conflitos que xurdan entre os/as nenos/as para dialogar colectivamente sobre os posibles modos de resolución e participar nas normas de convivencia na aula.

Atenderase de forma especial a titoría individual de aqueles alumnos/as que manifesten maior dificultade de integración e convivencia escolar.

As familias poderán manter titorías, os martes de 18:00 horas a 18:30 horas, considerando moi importante a actuación dos titores/as na coordinación coas familias e a colaboración recíproca dos pais/nais.

D) Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico.

Ao longo do curso realizaremos actividades que fomenten o uso do galego a través de traballos do aula (poesías, adiviñas, contos, asemblea, proxectos...)

Tamén participaremos en actividades promovidas dende o Equipo de Dinamización (EDLG) promovan e todas aquelas actividades que fomenten e descubran a nosa lingua e costumes.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante o próximo curso escolar 2020-2021 levaranse a cabo diferentes actividades co fin de levar ao alumnado moito máis alá do “saber”, amosándolle o “saber facer” e o “saber ser e estar”, para iso é necesario a transmisión directa dos saberes. Isto conséguese a través das actividades complementarias, saíndo do centro alumnos/as e mestres/as.

Estamos abertos a participar nas actividades que sexan do noso interese e que promovan os diferentes equipos do centro: Equipo de Actividades Extraescolares, Equipo de Biblioteca, Equipo de Tics ou Equipo de Dinamización da Lingua, así como nas actividades que promova o Concello ou calquera outra entidade ou asociación, así como saídas que xurdan ao longo do curso, cumprindo sempre as medidas sanitarias establecidas polas administracións competentes.

11. AVALIACIÓN

Ao longo do curso levaremos a cabo:

• **Avaliación inicial**

É o punto de partida. Permite adaptar o proceso que se vai a iniciar ás necesidades dos alumnos. O comezo de cada proxecto de traballo, mediante diálogos, faladoiros, recollerase información dos coñecementos previos que teñen os nenos sobre os temas a tratar.

Manteremos entrevistas individuais con cada familia dos nenos/as de nova incorporación o centro para poder acadar máis datos sobre o neno/a, falar máis persoalmente sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e posteriormente cubrir o informe inicial de cada neno/a xerado polo XADE.

Durante as primeiras semanas do curso escolar recollerase información mediante a observación directa e sistemática por partes do titor e outros profesionais do centro, para poder adaptar os contidos ao ritmo de aprendizaxe de cada neno/a. Estes datos recolleranse na táboa presentada no plan do periodo de adaptación.

• **Avaliación continua**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022	PÁXINA 20 DE 25	CENTRO: CEIP DA LAXE CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL MATERIA: GLOBALIZADO (EI)
-------------------------------------------	-----------------	--------------------------------------------------------------------------------

É a *avaliación formativo-procesual*: Proporciona datos para tomar decisións, para modificar aspectos, ampliar actividades ou sesións, cambiar espazos, tempos, retomar datos, para facelo máis adecuado ó ritmo dos alumnos.

Terá como referente os obxectivos e contidos dos proxectos propostos e das competencias básicas. Recollerase información a través dos **traballos e tarefas** realizadas polo alumnado para a adquisición de capacidades que se pretenden desenvolver nos nenos/as en cada proxecto ou unidade traballada.

• **Avaliación final**

Recole os aspectos sinalados de xeito integrador. Terá lugar ao final do proceso, a partir dos datos recollidos mediante a avaliación continua en relación os obxectivos recollidos nesta programación. Esta avaliación final terá en conta as avaliacións dos distintos profesionais que interveñen no proceso de aprendizaxe do neno/a. O final de curso se cumprimentará unha ficha-informe anual individualizado sinalando os aspectos máis significativos do proceso de desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno/a en base a datos recollidos durante a avaliación continua, xerado polo XADE.

No ultimo curso do ciclo cubrirase o informe final de ciclo xerado polo XADE.

A) Instrumentos de avaliación

Os instrumentos que empregaremos para recompilar a información necesaria para realizar a avaliación, serán fundamentalmente os seguintes:

• **A observación directa**

Observaremos os seus comportamentos así como a asimilación dos distintos conceptos que están expresados nos criterios de avaliación.

• **Observación de traballos realizados**

- Desenvolvemento da motricidade fina.
- Capacidade de representación a nivel plástico.



- Uso de diferentes utensilios.
- Desenvolvemento da lectoescritura.
- Desenvolvemento da súa expresión escrita.
- Adquisición da serie numérica.
- Capacidade de resolución de problemas.

B) Criterios de avaliación

INDICADORES DE LOGRO	
EDUCACIÓN INFANTIL	
	Sinala as partes principais do seu corpo.
	Pode describir características e circunstancias persoais.
E.F.	Globalmente móvese con axilidade.
E.F.	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
E.F.	É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio.
	Identifica diferentes sensacións auditivas, diferenciando e identificando diferentes tipos de son e a súa.
	Verbaliza as súas percepcións.
	Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno.
	É quen de solicitar axuda cando a precisa.
	Elixo con facilidade o xogo.



E.F.	Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo.
	Presenta unha boa motricidade fina.
	Recolle e coloca os obxectos habituais da clase.
E.F.	Acepta as regras do xogo
	Coñece e respecta as normas da escola.
MULTI	Entende as consignas e séguelas.
MULTI	Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen
	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.
	Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá.
	Ordena as accións máis relevantes do día.
	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.
	Goza ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.
	Coñece ás persoas do seu marco social e os seus nomes.
	Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.
MULTI	Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.
AL	Participa activamente nas conversas da aula
AL	Comprende instrucións sinxelas.
	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
	Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
	Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
	As súas producións plásticas son orixinais e creativas.



	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
MÚSICA	Participa con interese en actividades expresivas musicais.
MÚSICA	Descobre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo.
MÚSICA	Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
INGLÉS	Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
INGLÉS	Participa empregando formas non lingüísticas(xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
INGLÉS	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua
R.CAT	Identifica a Igrexa como a comunidade dos que creen en Xesús.
R.CAT	Intervén pacificamente na resolución de conflitos.
R.CAT	Valora ás persoas como o máis importante que creou Deus.
R.EVAN.	Coñece a importancia que ten a Biblia.
R.EVAN.	Escoita con atención os relatos bíblicos.

C) Procedementos para avaliar a propia programación

Avaliarase todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e en relación a nosa acción como mestras e mestres, avaliaremos o noso papel co fin de comprender se o modo no que conducimos a ensinanza permítenos conseguir os fins que desexamos, se o conxunto de decisións que tomamos favorecen ou obstaculizan os obxectivos plantexados. Por isto, valoraremos os materiais empregados, a organización da aula, usos dos tempos, relación cos nenos/as e as familias.... Mediante unha serie de criterios:

- O proxecto respondeu aos intereses dos/as nenos/as.

- Houbo cambios significativos no proceso ensinanza-aprendizaxe.
- Confrontáronse os resultados coas ideas previas.
- As actividades foron adecuadas aos contidos.
- Aprenderon o que se pretendeu ensinar.
- Foron resoltas todas as preguntas dos/as nenos/as.
- Que propostas quedaron pendentes.
- Que dificultades atopamos.
- O/a neno/a foi suxeito consciente do seu propio aprendizaxe.
- A distribución do tempo foi a adecuada.
- Colaboraron as familias de forma activa e axeitada.
- Houbo modificacións sobre a marcha.
- Desenvolvéronse as capacidades e competencias necesarias para provocar aprendizaxes autónomas e significativas.
- Os erros iniciais foron valorados positivamente.
- Facilitouse o contraste entre ideas.
- A organización do espazo e dos recursos foron adecuados.
- A intervención do profesor foi a adecuada.
- Adecuáronse os obxectivos ás características do alumnado.
- A selección e secuenciación dos contidos foi a acertada.
- A metodoloxía empregada foi a correcta.
- Os criterios e instrumentos de avaliación foron adecuados.